DATOS IDENTIFICATIVOS

Prácticas

Materia	Prácticas			
Código	O02M143V01213			
Titulación	Máster Universitario en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Vaquero Díaz, María Beatriz			
Profesorado	Vaquero Díaz, María Beatriz			
Correo-e	mdiaz@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es/			
Descrición xeral	A materia permite o desenvolvemento da práctica profesional asociada ao plano de estudos nos seus diversos campos disciplinares. Con ela preténdese introducir ao alumando na dinámica das institucións e empresas vincualdas aos prefís profesionais do máster.			

Competencias

Código	
A1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoito nun contexto de investigación.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
A3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
A4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
A5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
B3	Adquirir a capacidade de levar á aplicación práctica da protección do ben cultural os coñecementos teóricos e os protocolos de documentación e caracterización.
C1	Estar capacitado para seleccionar as ferramentas de estudo e documentación necesarias para coñecer o ben cultural, incluso establecendo metodoloxías de traballo estandarizables.
C2	Adquirir a capacidade de deseñar protocolos de intervención, establecendo tipos, prioridades e intensidades de acción ante un ben cultural en risco de alteración.
C3	Adquirir a capacidade para redactar proxectos de intervención no Patrimonio cultural de acordo coa lexislación reguladora específica.
C4	Adquirir a capacidade para catalogar o Patrimonio cultural inmoble, esbozando niveis de risco e podendo establecer mecanismos de protección xurídica e preventiva.
C5	Dominar e ser capaz de aplicar instrumental e procedementos de diversas técnicas cartográficas ao Patrimonio cultural inmoble para o seu control dimensional e a elaboración de documentación gráfica empregando ferramentas CAD.
C6	Analizar, depurar e interpretar información xeográfica, así como o seu almacenamento en bases de datos, en función de requisitos técnicos para o inventario e documentación dun proxecto de intervención.
C7	Coñecer os fundamentos das técnicas non destructivas máis empregadas para a prospección superficial do subsolo do Patrimonio cultural inmoble e desenvolver aa capacidade de determinar a súa aplicabilidade a casos concretos.

C8	Entender os valores multifactoriais do Patrimonio cultural, e valorarlo adecuadamente conforme a criterios de uso social.
D1	Poder integrar as diversas informacións e datos aportados por diversos técnicos e ferramentas na redacción de conclusións de acción.
D2	Ser capaces de predecir e controlar a evolución de situacións complexas mediante o desenvolvemento de novas e innovadoras metodoloxías de traballo adaptadas ao ámbito científico/investigador, tecnolóxico ou profesional concreto, en xeral multidisciplinar, no que se desenvolva a súa actividade.
D3	Saber transmitir dun modo claro e sen ambigüidades a un público especializado ou non, resultados procedentes da investigación científica e tecnolóxica ou do ámbito da innovación máis avanzada, así como os fundamentos máis relevantes sobre os que se sustentan.
D4	Concebir a protección do Patrimonio cultural nun marco de desenvolvemento sostible.
D5	Adquirir coñecementos avanzados e demostrar, nun contexto de investigación científica e tecnolóxica ou altamente especializado, unha comprensión detallada e fundamentada dos aspectos teóricos e prácticos e da metodoloxía de traballo nun ou máis campos de estudo.
D6	Coñecer e manexar a lexislación aplicable ao sector, coñecer a contorna social e empresarial e saber relacionarse coa administración competente integrando este coñecemento na elaboración de proxectos de enxeñaría e no desenvolvemento de cualquera dos aspectos do seu labor profesional.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Esta materia permite a integración operativa dos coñecementos, destrezas e capacidades adquiridas no máster e a súa aplicación e actividades profesionais relacionadas co Patrimonio Cultural	A1 A2 A3 A4 A5 B3 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8 D1 D2 D3 D4 D5 D6

Contidos

Tema	
1.- Conservación e restauración do Patrimonio Cultural	1.1. Estudo e clasificación do Patrimonio Cultural (artístico, arqueolóxico, arquitectónico, etnolóxico) 1.2. Preservación de bens culturais mobles e inmobles.
2. Xestión do Patrimonio Cultural	2.1. Elaboración e desenvolvemento de programas, proxectos e accións sobre o PC. 2.2. Dirección, organización, planificación, seguimento e avaliación de programas e proxectos.
3.- Valoración e interpretación do Patrimonio Cultural	3.1. Valoración e interpretación do legado histórico e natural do Patrimonio Cultural á sociedade. 3.2. Planificación e estratexias de difusión e comunicación ao público do valor e interese do PC.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	0	0	0
Prácticas externas	140	0	140
Informe de prácticas	0	10	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas	O alumnado deberá resolver os problemas que surxan en relación coas funcións desempeñadas na entidade na que realice as prácticas.
Prácticas externas	Actividades presenciais desenvolvidas polo estudante nun contexto relacionado co exercicio dunha profesión, durante o cal realizará as funcións asignadas e previstas na proposta de prácticas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas externas	O alumnado contará con dous titores que levarán a cabo as tarefas de orientación e resolución de problemas durante o período de prácticas, ún deles na entidade na que se realicen as prácticas e outro, pertecente ao profesorado da titulación, de carácter académico.
Resolución de problemas	O alumnado contará con dous titores que levarán a cabo as tarefas de orientación e resolución de problemas durante o período de prácticas, ún deles na entidade na que se realicen as prácticas e outro, pertecente ao profesorado da titulación, de carácter académico.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Prácticas externas	Informe do titor académico que integra dous informes: o do titor da entidade que acolle as prácticas e o do estudante. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: A integración operativa dos coñecementos, destrezas e capacidades adquiridas no máster e a súa aplicación e actividades profesionais relacionadas co Patrimonio Cultural.	60	A1 A2 A3 A4 A5	B3	C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	D1 D2 D3 D4 D5 D6
Informe de prácticas	Memoria de prácticas externas ou prácticum do estudante de entrega remota. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: A integración operativa dos coñecementos, destrezas e capacidades adquiridas no máster e a súa aplicación e actividades profesionais relacionadas co Patrimonio Cultural.	40	A1 A2 A3 A4 A5	B3	C1 C2 C3 C4 C6 C7 C8	D1 D2 D3 D4 D5 D6

Outros comentarios sobre a Avaliación

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Recomendacións